


CONCELLO DE SANTIAGO



**MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
PARA A FIXACIÓN DE ALIÑACIÓNS EN CODESEDAS**



APROBACIÓN INICIAL

**ANEXO I. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E
PROTECCIÓN DA PAISAXE**

POLÍGONO DO TAMBRE - VÍA LA CIERVA, Nº 15
15890 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 57 07 70 - Fax: 981 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.





MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº20 DO PXOM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A FIXACIÓN DE ALIÑACIÓNS EN CODESEDAS

ÍNDICE

CAPÍTULO 1. CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE	3
1.1.- ESTUDO DA PAISAXE	3
1.1.1.- INTRODUCCIÓN	3
1.1.2.- ALCANCE DO ESTUDO	3
1.1.3.- INSTRUMENTOS PARA A PROTECCIÓN, XESTIÓN E ORDENACIÓN DA PAISAXE	4
1.1.4.- CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE DE CODESEDAS, SANTIAGO DE COMPOSTELA. UNIDADES PAISAXÍSTICAS. COMARCAS PAISAXÍSTICAS, TIPOS DE PAISAXE E SUBUNIDADES	6
1.1.5.- IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS OU ZONAS EN QUE EXISTEN SINGULARES VALORES PAISAXÍSTICOS	8
1.1.6.- ANÁLISE DA VISIBILIDADE	9
1.1.7.- IDENTIFICACIÓN DOS IMPACTOS PAISAXÍSTICOS EXISTENTES NO ÁMBITO	15
1.2. – ESTUDO DA PAISAXE URBANA	15
1.3.- PROBLEMÁTICA DETECTADA E MEDIDAS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.....	15
1.3.1.- PAISAXE URBANIZADA	15
CAPÍTULO 2. IMPACTOS SOBRE A PAISAXE E PROTECCIÓN DESTA	16
2.1.- DESCRIPCIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS IMPACTOS SOBRE A PAISAXE QUE PODE PRODUCIR A MODIFICACIÓN PUNTUAL	16
2.1.1.- ANÁLISE DA MP	16
2.2.- XUSTIFICACIÓN DA ADECUACIÓN OU CUMPRIMENTO DO INSTRUMENTO, COS INSTRUMENTOS PARA A PROTECCIÓN, XESTIÓN E ORDENACIÓN DA PAISAXE	17
2.2.1.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E PROTECCIÓN DA PAISAXE	17
2.2.2.- CRITERIOS XERAIS. MEDIDAS DE INTEGRACIÓN	19
2.2.3.- PROTECCIÓN DOS ÁMBITOS OU ELEMENTOS DE ESPECIAL VALOR OU SIGNIFICACIÓN PAISAXÍSTICA.....	19
2.2.4.- ADAPTACIÓN AO AMBIENTE DAS CONSTRUCIÓNS	19
CAPÍTULO 3. COHERENCIA COAS DIRECTRICES DA PAISAXE DE GALICIA	19
3.1.- DIRECTRICES XERAIS PARA O PLANEAMENTO URBANÍSTICO.....	20

CAPÍTULO 1. CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE

1.1.- ESTUDO DA PAISAXE

1.1.1.- INTRODUCCIÓN

O presente estudo da paisaxe realízase de acordo ao regulamento da Lei da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia), así como en base ás Directrices da Paisaxe (Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia).

A paisaxe é consecuencia da interacción dos compoñentes físicos e biolóxicos que conforman o medio natural, e dos compoñentes de orixe humana que van asociados a súa funcionalidade e percepción social. A paisaxe é susceptible de ser aproveitado e alterado, e pode e debe intervenir na determinación da capacidade e fragilidade dun territorio fronte á acollida e desenvolvemento das actividades humanas, sendo considerado como aspecto ambiental na ordenación do territorio.

A Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia, recoñece xuridicamente a Paisaxe e aborda políticas de protección, xestión e ordenación baseándose nos principios emanados do Convenio Europeo da Paisaxe.

1.1.2.- ALCANCE DO ESTUDO

A presente MODIFICACIÓN PUNTUAL, incorpora un estudo da paisaxe en cumprimento do establecido no artigo 35 do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se *aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia*.

Artigo 35. Os estudos da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística.

1. Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística realizarán un estudo de paisaxe do ámbito territorial a que se refiran, que se incluírá entre os documentos informativos e de diagnose exixidos pola normativa de aplicación.

O obxecto da presente Modificación Puntual, en diante MP, contempla unha pequena zona do núcleo rural do Codesedas.

A consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística estará orientada a que estes acaden a mellor integración paisaxística posible e minimicen o seu impacto sobre a paisaxe, dando cumprimento aos seguintes obxectivos (artigo 34 do Regulamento):

- a) A protección dos ámbitos ou elementos de especial valor ou significación paisaxística.

- b) A congruencia da ordenación co tipo e a situación en que se atopan todas as paisaxes afectadas, coa finalidade de respectar o seu carácter e promover a súa evolución favorable.
- c) A mitigación ou corrección dos impactos que alteran ou degradan o carácter das paisaxes ou que afectan negativamente ós seus valores.

Conforme ao artigo 35.2 do Regulamento, o estudo do paisaxe fundamentarase nos catálogos da paisaxe e pormenorizará os aspectos que resulten necesarios, en atención ás características, fase de tramitación, alcance e finalidades do instrumento e ao carácter das paisaxes afectadas, de acordo co establecido neste regulamento e nos instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe.

O contido do presente estudo axústase ao establecido no artigo 35.3 do citado Regulamento:

- a) Unha caracterización da paisaxe referida ao ámbito estrito do instrumento e á contorna en que se insire, que identificará e describirá os elementos conformadores daquel, así como os tipos e unidades de paisaxe presentes no ámbito do estudo.
- b) A identificación dos elementos ou zonas en que existen singulares valores paisaxísticos de tipo natural ou ecolóxico, cultural ou patrimonial, estético ou panorámico, e produtivo ou de uso. Tomaranse como referencia as áreas de especial interese paisaxístico e os valores paisaxísticos identificados polos catálogos da paisaxe.
- c) Unha análise de visibilidade, orientada a identificar miradoiros e sendas panorámicas, así como as zonas do ámbito máis expostas visualmente, tendo en conta os potenciais usos deste. Tomaranse como referencia os contidos dos catálogos da paisaxe, coa oportuna pormenorización, en atención á escala en que o instrumento establece a súa ordenación.
- d) A identificación dos impactos paisaxísticos existentes no ámbito do instrumento ou que lle afecten por resultaren visibles desde este, sempre que, por estaren directamente relacionados co obxecto, a escala e o alcance do instrumento, sexan susceptibles de que este prevexa as oportunas medidas de mellora ou recuperación. Poderán empregarse os impactos identificados nos catálogos da paisaxe, pero o estudo deberá concretar as súas localizacións e características.
- e) Unha xustificación das medidas que adopte o instrumento para alcanzar os obxectivos a que se refire o artigo 34 do Regulamento.

1.1.3.- INSTRUMENTOS PARA A PROTECCIÓN, XESTIÓN E ORDENACIÓN DA PAISAXE

1) ESTRATEXIA DA PAISAXE DE GALICIA

A Estratexia da Paisaxe de Galicia sinala as liñas mestras para o desenvolvemento dos instrumentos propios previstos na Lei da Paisaxe, entre os que se destaca o Catálogo das Paisaxes de Galicia que senta as bases para a planificación, xestión e protección da paisaxe de Galicia, e as Directrices de Paisaxe. O Catálogo das Paisaxes de Galicia foi aprobado no ano 2016, e as Directrices de Paisaxe que definen os obxectivos de calidade paisaxística, prevén



2) CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA

[illegible]

O Catálogo das Paisaxes e Galicia, inclúe a totalidade do termo municipal de Santiago de Compostela na Grande Área Paisaxística de Galicia Central, *“esta área ocupa parcial ou totalmente os concellos de Oza-Cesuras, Aranga, Cerceda, Tordoia, Ordes, Mesía, Curtis, Trazo, Oroso, Frades, Vilasantar, Sobrado, Val do Dubra, A Baña, Negreira, Ames, Santiago de Compostela, O Pino, Arzúa, Boimorto, Toques, Brión, Rois, Padrón, Teo, Vedra, Boqueixón, Touro, Vila de Cruces, Melide, Santiso, Agolada, A Estrada, Silleda, Lalín, Rodeiro, Dozón, Forcarei, Beariz, Avión, O Irixo, Boborás, Piñor, O Carballino, San Cristovo de Cea, Leiro e Maside. Para os efectos da catalogación subdivídese en oito comarcas paisaxísticas: Terra de Ordes, Terra de Santiago-A Barcala, Terra de Melide-Arzúa, Tabeirós, A Ulloa, Terra de Montes-Alto Lerez, Deza e O Carballiño.”*

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº20 DO PXOM DE SANTIAGO
ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO. S.A

1.1.4.- CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE DE CODESEDAS, SANTIAGO DE COMPOSTELA. UNIDADES PAISAXÍSTICAS. COMARCAS PAISAXÍSTICAS, TIPOS DE PAISAXE E SUBUNIDADES

Dende o punto de vista da xeografía, a paisaxe é un espazo ou territorio sobre o que se relacionan diferentes elementos xeográficos, físicos, biolóxicos e humanos, que forman un conxunto diferenciado.

A Comunicación da Comisión Europea concibe a paisaxe como “sistemas coa súa propia xeoloxía, os seus propios usos do solo, características naturais e artificiais, fauna e flora, cursos de auga e clima. As paisaxes son formados e caracterizados polas condicións socioeconómicas e os modelos de asentamento da poboación. A preservación e mellora das paisaxes son importantes para a calidade de vida, así como para o funcionamento dos sistemas naturais.


A Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade define a paisaxe como “calquera parte do territorio cuxo carácter sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos, tal como o percibe a poboación”.

De conformidade co establecido na Lei 7/2008 de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, paisaxe é “...calquera parte do territorio tal e como o percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e da interacción e factores naturais e humanos”.

A paisaxe é, en definitiva, a percepción que se posúe dun sistema ambiental. A consideración da paisaxe como medio ambiente implica dous xeitos fundamentais: a paisaxe como aglutinador dunha serie de características do medio físico e a capacidade que ten unha paisaxe para absorber os usos e actuacións que teñen lugar sobre el. Non obstante, o tratamento da paisaxe presenta a dificultade de atopar unha sistemática obxectiva para o medir, se ben case todos os modelos cadran en tres apartados: a visibilidade, a calidade paisaxística e a fragilidade da paisaxe, definida como a capacidade para absorber os cambios que se producen nel. Así, os factores que integran a fragilidade son: biofísicos (solo, vexetación, cromatismo, etc.), morfolóxicas (concas e fitos visuais, etc.) e a presión humana.

Tal e como se expuxo na presente memoria, a área de actuación sitúase na gran área paisaxística de Galicia Central, de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia.

Este a súa vez, correspóndese coa comarca paisaxística de Terra de Santiago – A Barcala.



Visor das paisaxes de galicia

TIPOS E SUBUNIDADES DE PAISAXE

Na área de actuación atopámonos cos seguintes tipos de paisaxe (Unidade morfolóxica, uso do solo e termotipo): vales sublitorais, cun carácter rururbano diseminado e un clima mesotemperado inferior.

Cuberta

- Conxunto histórico
- Urbano
- Rururbano (diseminado)
- Extractivo
- Viñado
- Agrosistema extensivo
- Agrosistema intensivo (superficie de cultivo)
- Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal)
- Agrosistema intensivo (plantación forestal)
- Bosque
- Matogueira e rochedo
- Turbeira
- Lámina de auga



Visor da paisaxe

1.1.5.- IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS OU ZONAS EN QUE EXISTEN SINGULARES VALORES PAISAXÍSTICOS

Conforme ao disposto no Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020), no presente apartado procédese á identificación dos elementos ou zonas en que existen singulares valores paisaxísticos de tipo natural ou ecolóxico, cultural ou patrimonial, estético ou panorámico, e produtivo ou de uso do na zona de actuación.

ÁREAS CON VALOR DE TIPO AMBIENTAL, NATURAL OU ECOLÓXICO

Na área de actuación da presente MP non existen áreas de interese polo seu valor natural, ecolóxico e paisaxístico, nin espazos pertencentes á Rede Natura 2000.



Visor da paisaxe

ÁREAS CON VALOR DE TIPO CULTURAL OU PATRIMONIAL

No tocante ao patrimonio natural, a entorna da MP, conta coa súa estrutura primitiva da propiedade bastante modificada, pola conseqüente división das fincas de cara a construción de vivendas. Non obstante, segue a manter a súa estrutura orgánica nos viais que estruturan o ámbito, o cal se constitúe como unha traza características da entorna.

1.1.6.- ANÁLISE DA VISIBILIDADE

A identificación dos itinerarios paisaxísticos e sendas panorámicas, así como dos miradoiros e das zonas do territorio do ámbito da presente MP, máis expostas visualmente, tendo en conta os potenciais usos deste, fundamentan a análise de visibilidade das paisaxes da MP, tal e como dispón o artigo 35.3c do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020).

1.1.6.1.- ITINERARIOS PAISAXÍSTICOS E SENDAS PANORÁMICAS

O Catálogo das Paisaxes de Galicia non recolle ningún itinerario paisaxístico no ámbito da presente modificación, así como tampouco sendas panorámicas.

1.1.6.2.- MIRADOIROS E SENDAS PANORÁMICAS

Dadas as características do relevo da zona no ámbito da presente MP, con leves pendentes cara o oeste e sur, por onde discorre o rego das Figueiras, non se detectaron puntos que exerzan de miradoiros nin sendas panorámicas dentro do interior do ámbito.




Tal e como se observa na imaxe anterior, o ámbito da presente MP sitúase no núcleo rural de Codesedas. Esta área correspóndese cunha pequena área rodeada de edificacións.

1.1.6.3.- VISIBILIDADE ESTRATÉXICA

Na análise paisaxística, o estudo das cuncas visuais ten unha grande relevancia. As cuncas visuais constitúen unidades de percepción que forman ambientes visuais coherentes, e que integran centros de poboación e o seu contorno visual.

A área de estudo contén puntos de observación de pequena relevancia para a análise da visibilidade estratéxica do territorio, xa que non conta con ningún punto elevado que exerce de miradoiro a día de hoxe, tan só con pequenas sendas e espazos que exercen de pequenos itinerarios paisaxísticos, tal e como se expuxo anteriormente.

En base ó anterior, pódense destacar como puntos dende os cales se pode ter unha ampla perspectiva os seguintes:



Cuncas visuais

- Viais interiores
- DP-7803

A continuación, achégase unha análise das mesmas en base aos seguintes criterios:

- Excepcionalidade: refírese a capacidade de amosar un proceso ou elemento ambiental (xeolóxico, xeomorfolóxico, ecolóxico, etc.), excepcional no contexto.
- Representatividade: pódese considerar como inverso ao criterio anterior, é o valor que adquire unha paisaxe cando este se amosa representativo dun período determinado, unha rexión climática ou dunha cultura tradicional.
- Incidencia visual: está condicionada polas condicións topográficas do territorio e será máis ou menos importante dependendo da intervisibilidade, o cal cualifica o territorio en función do grao de visibilidade recíproca entre unidades propias de cada conca.
- Accesibilidade: en onde se ten en conta a posibilidade de acceso á contemplación da paisaxe a un maior ou menor número de persoas.

VIAIS INTERIORES

CARACTERÍSTICAS

Os viais que atravesan o núcleo rural de Codesedas, relacionan este cos asentamentos veciños de Figueiras, O Carballal, etc.

Correspóndese cunha cunca visual de baixo interese cultural e con pouca incidencia visual. O seu trazado desenvólvese nos seus bordos, maioritariamente de vivendas illadas e parcelas baleiras adicadas a colleitas, o que da lugar a unha conca lonxitudinal que combina espazos baleiros con edificadas.



EXCEPCIONALIDADE

Presenta un baixo grao de excepcionalidade de riqueza cultural.

REPRESENTATIVIDADE

Non se aprecian elementos representativos de ningún tipo no resto da conca.

INCIDENCIA VISUAL



A totalidade do trazado do vial transcorre polo núcleo rural, o que supón unha incidencia moi baixa.

ACCESIBILIDADE

A capacidade de observación dende o vial redúcese aos viandantes, que na súa maioría son habitantes do lugar, e os usuarios en vehículo de motor que a empreguen.

VALORACIÓN XERAL

Non é interesante dende o punto de vista paisaxístico.

VIAIS INTERIORES

CARACTERÍSTICAS

O vial da deputación atravesa o núcleo rural de Codesedas de noroeste a sudeste, relacionando este co núcleo urbano de Santiago e núcleos rurais de Vrins e A Portela de Figueiras.

Correspóndese cunha conca visual de baixo interese cultural e con pouca incidencia visual. O seu trazado desenvólvese nos seus bordos, maioritariamente de vivendas illadas e parcelas baleiras adicadas a colleitas, o que da lugar a unha conca lonxitudinal que combina espazos baleiros con edificadros.



EXCEPCIONALIDADE

Presenta un baixo grao de excepcionalidade de riqueza cultural.

REPRESENTATIVIDADE

Non se aprecian elementos representativos de ningún tipo no resto da conca.

INCIDENCIA VISUAL

A totalidade do trazado do vial transcorre polo núcleo rural, o que supón unha incidencia moi baixa.


ACCESIBILIDADE

A capacidade de observación dende o vial redúcese aos viandantes, que na súa maioría son habitantes do lugar, e os usuarios en vehículo de motor que a empreguen.



VALORACIÓN XERAL

Non é interesante dende o punto de vista paisaxístico.

■ $\geq 10,000$ m



Visor da paisaxe. Visibilidade estratéxica



Visor da paisaxe. Visibilidade estratéxica

1.1.7.- IDENTIFICACIÓN DOS IMPACTOS PAISAXÍSTICOS EXISTENTES NO ÁMBITO

O Catálogo das Paisaxes de Galicia identifica sete tipos de ámbitos de especial atención paisaxística (AEAP).

No ámbito da presente MP non existe ningún dos AEAP indicados.

1.2. – ESTUDO DA PAISAXE URBANA

As Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (DOT), a través da determinación 8.6 fixan a necesidade dun Estudo da Paisaxe Urbana dentro das competencias do planeamento urbanístico. Co fin de dotar dunha ferramenta que facilitara a redacción de dito Estudo a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda redactou no 2019 a Guía de Estudos da Paisaxe Urbana.

O presente epígrafe, redáctase polo tanto ao amparo da determinación 8.6 das DOT, en concordancia co establecido no artigo 133.2.d do RLSG, en atención ao seu carácter informativo, tomando como referencia a Guía de Estudos da Paisaxe Urbana, para servir de base á redacción da Memoria xustificativa de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe, descrita no artigo 135.a do RLSG. Dado o carácter orientativo da Guía, o alcance do contido a desenvolver correspóndelle ao Plan Xeral de acordo á complexidade territorial e ás particulares características do ámbito estudado.

Neste senso cómpre indicar que o ámbito da presente modificación puntual abarca unha pequena área do núcleo rural de Codesedas, motivo polo cal, non é obxecto o estudo da paisaxe.

1.3.- PROBLEMÁTICA DETECTADA E MEDIDAS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

1.3.1.- PAISAXE URBANIZADA

O impacto paisaxístico máis significativo será o derivado de permitir a construción de novas vivendas ou construcións en terreos que a día de hoxe se adican a colleitas e que non gardan unha relación formal e funcional coa aldea tradicional, xerme do asentamento.

Non en tanto, estas parcelas incluídas na delimitación de núcleo rural común supoñen o crecemento natural e orgánico do asentamento nos últimos anos, o cal se realizou en base as necesidades dos habitantes e o cal se atopa a día de hoxe maioritariamente edificado.

En todo caso, a normativa que regula o núcleo rural, conta con medidas de integración paisaxística.

1.3.2.- PAISAXE NATURAL E CULTURAL

No referido ó patrimonio natural e cultural, logo do traballo de campo realizado, non se detectaron elementos merecedores de ser salvagardados, motivo polo cal, non se procede a ampliación do catálogo de elementos protexidos que recolle o PXOM de Santiago.

CAPÍTULO 2. IMPACTOS SOBRE A PAISAXE E PROTECCIÓN DESTA

2.1.- DESCRIPCIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS IMPACTOS SOBRE A PAISAXE QUE PODE PRODUCIR A MODIFICACIÓN PUNTUAL

2.1.1.- ANÁLISE DA MP

Como se mencionou ó longo da presente memoria, o ámbito da presente modificación puntual, correspóndese cunha pequena zona do núcleo rural de Codesedas. Esta sitúase como é evidente, nunha contorna marcadamente rural.

Nas imaxes que a continuación se achegan, indícase o ámbito da presente DNR, diferenciando o estado actual, previo a fixación das aliñacións, e o estado proposto, posterior a aprobación da presente modificación puntual.



Perspectiva do ámbito obxecto da presente modificación puntual previa fixación das aliñacións. Pódese observar como a día de hoxe se trata dun vial asfaltado, ao carón do cal, se executaron peches e edificacións.



Perspectiva do ámbito obxecto da presente modificación puntual previa fixación das aliñacións. Pódese observar como as aliñacións se fixan tendo en consideración as vivendas existentes, no comezo deste, para posteriormente adaptarse a realidade física, catastral e cumprindo en todo caso, as aliñacións de 4 m ao eixo.

En vista ao anterior, a fixación de aliñacións, supón unha minoración dos impactos paisaxísticos que se poden ocasionar pola non regularización da posición dos peches existentes e propostos.

2.2.- XUSTIFICACIÓN DA ADECUACIÓN OU CUMPRIMENTO DO INSTRUMENTO, COS INSTRUMENTOS PARA A PROTECCIÓN, XESTIÓN E ORDENACIÓN DA PAISAXE

2.2.1.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E PROTECCIÓN DA PAISAXE

No Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia, indícase, no seu artigo 34, que a consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística estará orientada a que estes acaden a mellor integración paisaxística posible e minimicen o seu impacto sobre a paisaxe, dando cumprimento aos seguintes obxectivos:

- a) A protección dos ámbitos ou elementos de especial valor ou significación paisaxística.

- b) A congruencia da ordenación co tipo e situación en que se atopan todas as paisaxes afectadas, coa finalidade de respectar o seu carácter e promover a súa evolución favorable.
- c) A mitigación ou corrección dos aspectos que alteran o carácter das paisaxes ou que afectan negativamente aos seus valores.

Asemade, de acordo co establecido no artigo 135 do Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLSG), o Plan Xeral debe incorporar un anexo xustificativo das condicións referidas no título III da Lei 2/2016 do Solo de Galicia (LSG) en relación á adaptación ao ambiente e protección da paisaxe, incorporando as medidas a adoptar polo plan para garantir dita protección de acordo coa normativa sectorial de aplicación.

Así o artigo 91 da LSG dita as normas de aplicación directa relativas á adaptación ao ambiente e á protección da paisaxe, do seguinte xeito:

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Igualmente o artigo 1 da Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia establece o obxectivo xeral que deberá guiar á ordenación urbanística en canto á paisaxe e que se substancia na necesidade de “preservar e ordenar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende os eidos ambientais, culturais, sociais e económicos”.

Dado o alcance da presente MP non procede desenvolver os criterios de ordenación mencionados, posto que tan só se fixan aliñacións.

2.2.2.- CRITERIOS XERAIS. MEDIDAS DE INTEGRACIÓN

A presente MP non establece normativa. A regulación das edificacións e peches, que como consecuencia da aprobación da presente MP se poidan executar, rixiranse pola normativa recollida no PXOM vixente, a cal se considera axeitada.

2.2.3.- PROTECCIÓN DOS ÁMBITOS OU ELEMENTOS DE ESPECIAL VALOR OU SIGNIFICACIÓN PAISAXÍSTICA

Visto o estudo da paisaxe achegado, compróbase que non existen espazos protexidos, nin áreas de especial interese paisaxístico, nin outros elementos merecedores da clasificación de solo rústico de protección no ámbito da MP.

No referido aos elementos de interese patrimonial, tal e como se expuxo con anterioridade, non existen nas inmediacións do MP.

2.2.4.- ADAPTACIÓN AO AMBIENTE DAS CONSTRUCIÓN

En canto a adaptación ao ambiente das construcións, a tipoloxía dos asentamentos predominante no municipio é a aldea pechada, con caserío espallado, en moitos casos formando varios grupos de edificacións abondo distanciados entre si. A distribución das edificacións sitúase xeralmente entre os límites dos terreos de cultivo e o monte.

A presente MP non establece normativa. A regulación das edificacións e peches, que como consecuencia da aprobación da presente MP se poidan executar, rixiranse pola normativa recollida no PXOM vixente, a cal se considera axeitada.

CAPÍTULO 3. COHERENCIA COAS DIRECTRICES DA PAISAXE DE GALICIA

Segundo regula o Catálogo das Paisaxes de Galicia, as Directrices da Paisaxe definen os obxectivos de calidade paisaxística para cada unidade de paisaxe e establecen unha serie de normas e recomendacións a cumprir polos plans urbanísticos e sectoriais así como polas estratexias rexionais ou locais encamiñadas a un desenvolvemento sustentable do territorio, co fin de integrar nel os obxectivos de calidade paisaxística.

As determinacións categorízanse como obrigatorias identificándoas cunha N, ou como recomendacións identificándoas cunha R, estas últimas formuladas en termos orientativos.

3.1.- DIRECTRICES XERAIS PARA O PLANEAMENTO URBANÍSTICO

(...)

DX.03. (N) Os restantes instrumentos de planeamento urbanístico estudarán a paisaxe seguindo o criterio de proporcionalidade, é dicir, axustarán o seu nivel de alcance á súa natureza e ao potencial impacto paisaxístico que poidan xerar.

A presente MP no estudo da paisaxe incorporado no documento, fai unha análise na que se recollen os seguintes contidos:

- Análise e descrición das Unidades de Paisaxe do territorio segundo se recollen no Catálogo das Paisaxes de Galicia, así como as Áreas de Especial Interese Paisaxístico identificadas na entorna próxima a actuación.

A análise paisaxística da MP, pola súa escala de aproximación permite afondar na descrición e análise dos elementos e as características que conforman a realidade paisaxística do ámbito de actuación e da súa entorna próxima:

- Descríbese detalladamente o conxunto dos valores paisaxísticos presentes no territorio.
- Realízase un estudo de visibilidade estratéxica a partir da identificación dos principais miradoiros..., que constitúen os elementos básicos para establecer as zonas de visibilidade estratéxica.

(...)

Santiago, decembro de 2023

Polo equipo redactor

Isidro López Yáñez

Arquitecto